
Plan Anual de Orientación Educativa

Curso 2018-19

CPI RAMÓN PIÑEIRO -A Pobra de San Xiao-/ CEIP P. do PÁRAMO (O Páramo)

- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN -






1. Introducción	3
2. Contextualización PAOE	4
3. Departamento de orientación	10
4. Obxectivos	12
5. Planificación xeral e definición de accións prioritarias	13
5.1. Apoio ao proceso de Ensino e aprendizaxe	13
5.2. Apoio ao PAT	14
5.3. Apoio ao POAP (Plan de Orientación Académico Profesional)	16
6. Estratexias de intervención	17
7. Avaliación e Seguemento	18
8. Soporte documental	20
9. Anexos	21
Anexo I. Programación de PT para EI, EP.	22
Anexo II. Programación de AL para CPI Ramón Piñeiro e CEIP Plurilingüe do Páramo	30
Anexo III. Programación de PT para ESO	36

1. Introducción

A educación deu nas últimas décadas un importante xiro, en consonancia coas novas realidades sociais: aumento das desigualdades, movementos migratorios, evolución do coñecemento, modificacións constantes no mercado laboral, crise de valores (Habermas, 1989; citado por Touriñán, 2006)...; que impulsaron un novo modelo de escola. Esta actualmente entende que a educación non se esgota na simple instrucción, senón que abarca o desenvolvemento global da persoa. Para isto, resulta ineludible que os profesionais da educación guíen, asistan e **orienten**¹ ós alumnos (MEC, 1992) e ás súas familias. Esta guía e orientación vai ser entendida como un “(...) *proceso sistemático de **ayuda** a la persona en su desarrollo personal, académico, profesional y social, siguiendo tres principios fundamentales: **prevención, desarrollo e intervención social**” (Bisquerra, 2000).*

Así pois, destacamos catro ámbitos de acción orientadora (MEC, 1992) que teremos en conta no establecemento dos obxectivos deste Plan e no desenvolvemento das accións posteriores:

-  Orientación nos procesos de Ensino-Aprendizaxe (Atención á diversidade, Ensinar a pensar...).
-  Ensinar a convivir e a comportarse.
-  Ensinar a ser persoa.

Finalmente, o Plan de Orientación é o instrumento que permite sistematizar, e artellar a medio e longo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación e a acción titorial. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada, é parte da organización pedagóxico-educativa do centro e, consecuentemente, debe unirse coa actividade e estrutura xeral deste.

¹ A negrita é miña.





2. Contextualización do Plan de Orientación.

2.1. CONTEXTUALIZACIÓN XERAL DO PLAN:

O presente plan responde á necesidade de programar as actuacións que se van a levar a cabo dende o Departamento de Orientación para o curso 2018/2019. Conforme o recollido nos artigos 3º e 13º da *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia* (DOGA 31-07-1996) e as *Instrucións recollidas na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*, os Departamentos de Orientación (DO) dos centros públicos integrados (CPIs) deberán abranguer no seu plan de actuación os centros de educación infantil e primaria (CEIPs) que lles sexan adscritos.

Así pois, posto que o DO do CPI Ramón Piñeiro ten adscrito (A) o CEIP Plurilingüe do Páramo, este plan anual de orientación contempla as actuacións que se levarán a cabo neste último centro.

Finalmente, o DO non é un organismo illado, etéreo que flota na nada, senón un órgano de coordinación e asesoramento docente dentro dunha (*mellor dito dúas*) comunidade educativa; por conseguinte, este plan tenta ser coherente cos seguintes aspectos:

-  Plan de orientación
-  Diferentes documentos organizativos dos centros (P.E., programación didáctica...).
-  Características dos contextos, centros e alumnado.
-  Normativa vixente.

2.2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

A) REALIDADE SOCIOECONÓMICA:

O noso centro sitúase en A Pobra de San Xiao, capital do concello de **Láncara**, o cal presenta as seguintes características:

Superficie: 121,66 km²

Poboación: 2.702 habitantes

Parroquias: o concello de Láncara está composto por 26 parroquias.

Ubicación:



As terras de Lánçara están na zona central-sur da provincia de Lugo, enclavadoas entre os municipios do Corgo e Baralla ó norte; Becerreá ó leste; Triacastela, Samos e Sarria ó sur e O Páramo ó oeste.

O concello de **O Corgo** amosa estas particularidades:

Superficie: 157,6 km²

Poboación: 4.243 habitantes

No centro, tamén recibimos alumnos do Concello do Corgo, situado no centro da provincia, formando parte da comarca de Lugo, dista 15 kilómetros da capital municipal. Ten 3.581 habitantes, repartidos nun total de 38 parroquias e 176 aldeas.

A gandería é o motor deste concello, sobre todo o gando vacún, e tamén acadaron un grande desenvolvemento as empresas de carpintería metálica e de madeira.

O terceiro concello baixo influencia escolar deste CPI é o de **O Páramo**. Este é o seu contexto:

Superficie: 74,45 km²

Poboación: 1.456 habitantes

Parroquias: 18 parroquias.

A actividade económica da zona está claramente dominada polas explotacións agrarias, que ocupa a gran parte da poboación activa. Non obstante debido a atracción

que exercen as capitais dos concellos sobre os municipios circundantes, obsérvase nestes núcleos un certo desenrolo dos sectores secundarios e terciarios.

No concello de O Páramo sitúase outro centro educativo, o CEIP Plurilingüe do Páramo, adscrito ao CPI Ramón Piñeiro.

Situación socioeconómica e cultural.

A maioría dos rapaces deste centro pódense encadrar en familias de clase media e media-baixa. Os recursos económicos da maioría das familias proveñen da agricultura e da gandería. Tamén hai un importante sector que se dedican á construción, a hostalería e a atención das diversa fábricas e tendas de mobles coa que conta esta zona.

En canto ó aspecto cultural, este concello conta cunha biblioteca municipal e existen tres asociacións culturais que realizan ó longo do ano diferentes actos e actividades dirixidas ós nenos. Unha destas asociacións conta cunha escola de música e baile tradicional.

B) O CENTRO: CPI RAMÓN PIÑEIRO.

<u>DATOS DO CENTRO</u>	
Denominación do centro.....	C.P.I. Ramón Piñeiro
Código do centro.....	27005913
Situación.....	Pobra de San Xiao
Concello.....	Láncara
Provincia.....	Lugo
Enderezo.....	Praza dos Reis, s/n
Teléfono/fax.....	982 870 370

O CPI Ramón Piñeiro está situado en Pobra de San Xiao, capital do concello de Láncara, preto da cidade de Lugo. A poucos metros do centro está situado o centro de saúde e a igrexa. A distancia con respecto ó centro é mínima, podéndose despraza a calquera sitio desta vila camiñando.

OFERTA EDUCATIVA 2018-2019		
Educación Infantil	4º - 6º EI	3 unidades
Educación Primaria	1º- 6º EP	6 unidades
Educación Secundaria Obrigatoria	1º - 4º ESO	4 unidades

Os alumnos do centro proveñen maioritariamente dos concellos de Láncara, O Corgo e O Páramo. Tamén acoden ao centro rapaces e rapazas dos concellos de Sarria e Guntín . Podemos dicir que un 85% do alumnado son usuarios do transporte escolar.

Características do profesorado:

O cadro de persoal do profesorado para o presente curso está formado por 33 profesores, dos cales:

- 4 imparten en Educación Infantil
- 12 en Educación Primaria
- 17 en Educación Secundaria Obrigatoria

A maioría deste profesorado teñen destino definitivo. O feito de que case todos sexan definitivos no centro favorece a posibilidade de consensuar e traballar determinados aspectos (educación sexual, técnicas de traballo intelectual e técnicas de estudo, fomento da lectura, elaboración de pautas de competencia curricular por ciclos, etc...) a longo prazo, e que as diferentes actuacións que se realicen no centro teñan continuidade.

C) O CENTRO ADSCRITO: CEIP PLURILINGÜE DO PÁRAMO.

DATOS DO CENTRO

Denominación do centro.....CEIP Plurilingüe do Páramo
Concello.....O Páramo
Provincia.....Lugo
Enderezo.....Zona O Páramo S/N
Teléfono/fax.....982828305

O CEIP Plurilingüe do Páramo está situado no concello do mesmo nome. A poucos metros do centro está situado o centro de saúde e o concello.



OFERTA EDUCATIVA 2018-2019

Educación Infantil	4° - 6° EI	1 unidade
Educación Primaria	1° - 3°	1 unidade
Educación Primaria	4° - 6°	1 unidade

2.3. FUNDAMENTACIÓN LEGAL:

O presente Plan de Actividades fundaméntase na normativa que regula na actualidade os Departamentos de Orientación, as ensinanzas e os CPIs. Co ánimo de non facer especialmente denso o listado da lexislación que enmarca este plan, destácase a seguinte :

- **Orde do 6 de outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de rexime xeral.
- **Orde do 31 de outubro de 1996** pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos con necesidades educativas especiais.
- **Decreto 120/1998**, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia.
- **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia.
- **Orde do 27 de decembro de 2002** que establece as condicións para a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais.
- **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se dictan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.
- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato.
- **Decreto 7/1999**, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos CPIs.

3. Departamento de Orientación.

3.1. COMPOÑENTES:

Compoñentes	Perfil Profesional
Castro Pernas, Montserrat	Profesora de Pedagogía terapéutica
Rodríguez Lozano, Jorge	Profesora do ámbito lingüístico-social
Flores Corredoira, Miguel	Profesor do ámbito científico-tecnolóxico
Loureiro Silva, Rubén	Orientador e xefe do departamento
Díaz Armesto, María Jesús	Profesora de Pedagogía terapéutica
Taboada Arias, Tania	Profesora de Audición e Linguaxe

3.2. REUNIÓNIS:

REUNIÓNIS	TEMPORALIZACIÓN	IMPLICADOS
Departamento de orientación	Cando se precise	Orientador, especialistas de P.T., especialista de AL
Departamento de orientación	Mensual	Xefe do departamento, mestras de P.T., mestra de AL, Profesores dos ámbitos.
Reunións co equipo directivo	Ao longo do curso, a determinar.	Orientador e equipo directivo
Reunións de coordinación cos titores	Ao longo do curso, según necesidades	Orientador e titores de nivel
Reunións coas familias	Mércores de 09:30 a 10:20 E en horario de mañán, segundo demanda.	Orientador, familias e mestras de PT/AL se fora o caso.
Reunións co profesorado	Según demanda, no horario que o permita	Orientador e profesorado implicado.
Reunións con entidades externas	Según demanda, no horario que o permita	Orientador, organismos, profesionais externos...





3.3. ATENCIÓN AO CPI R. PIÑEIRO E CENTRO ADSCRITO -CEIP PL. DO PÁRAMO-.

COMPOÑENTE	DÍAS CPI RAMÓN PIÑEIRO	DÍAS CEIP PL. DO PÁRAMO	PERFIL PROFESIONAL
Taboada, Tania	Luns, Mércores e Venres	Martes e Xoves	Especialista en AL
Loureiro Silva, Rubén	Luns, Martes, Mércores e Venres	Xoves	Orientador

Con todo, se as necesidades e demandas existentes no CEIP Plurilingüe do Páramo así o aconsellan os días e horas de atención por parte do orientador poderíanse ver modificadas puntualmente, sempre co visto e praxe de ambos equipos directivos.

4. Obxectivos.

4.1. Criterios.

-  As funcións recollidas na normativa que regula os Departamentos de Orientación (Art. 6º do Decreto 120/1998, Circular 10/2010).
-  As necesidades detectadas no centro e na comunidade.
-  As propostas de mellora recollidas na Memoria Anual do Departamento de Orientación do curso pasado.
-  Os obxectivos recollidos no Plan do D.O. do centro.

4.2. Obxectivos.

- Colaborar cos Departamentos didácticos, Equipos Docentes e Equipo Directivo no deseño, planificación, desenvolvemento e avaliación das distintas actuacións que se realicen no centro para favorecer a personalización da educación, con especial énfase no apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe.
- Participar activamente no desenvolvemento do Plan de Orientación e os Programas de atención á diversidade, Plan de Acción Titorial e Plan de orientación Académico-Profesional.
- Colaborar cos Departamentos didácticos, Equipos Docentes e Equipo Directivo no deseño, planificación, desenvolvemento e avaliación das distintas actuacións e plans que se realicen no centro para garantir unha educación de calidade para o alumnado e o seu desenvolvemento integral.
- Contribuir á prevención e valoración das necesidades educativas do alumnado e participar no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Informar e asesorar ás familias en todo o referente á educación dos seus fillos/as, especialmente ós que presentan necesidades educativas especiais.
- Actualizar os diferentes documentos do DO e velar polo seu cumprimento.
- Autoavaliar o funcionamento do departamento, en orde a promover unha optimización e mellora continua das súas actuacións.

5. Planificación xeral e definición de accións prioritarias².

5.1. Apoio ao Proceso de Ensino e Aprendizaxe.

Obxectivos	Actuacións	Responsables	Temporalización
1. Coordinar e participar na avaliación psicopedagóxica dos ANEAES.	-Entrega de modelo para demandas de avaliación e recollida das mesmas. -Reunión coa familia e recollida da súa conformidade. -Recollida de información de: alumno e contexto (social...) -Entrevistas co alumno/a, pais e profesores. -Elaboración do informe psicopedagóxico.	PsPd-tutores Tutores- PsPd PsPd PsPd	Ao longo do curso
2. Colaborar na elaboración, deseño, desenvolvemento, e avaliación do PE, das concrecións Curriculares e Programacións.	-Asesoramento a departamentos, equipos docentes, profesorado... no desenvolvemento das concrecións curriculares, as programacións de curso. -Informar na CCP sobre as mellores resposta educativa a ANEAES.	DO. PsPd DO- PsPd	setembro Ao longo do curso
3. Impulsar o establecemento de cauces de comunicación entre os axentes educativos.	-Reunións de PTs/AL co profesor/a do grupo ordinario. -Reunións cos titores de EI, EP e ESO. -Colaboración co EOE no desenvolvemento de distintas actuacións. -Colaboración con educadores e monitores do concello. -Coordinación con axentes educativos externos (logopeda, psicólogo, Saúde mental...) -Reunións con titores/as de seguimento dos alumnos.	DO PsPd-PT-tutores PsPd-EOE PsPd-educador PsPd	Ao longo do curso
4. Valorar as necesidades educativas e deseñar, desenvolver e avaliar programas de intervención.	-Elaboración de Programas específicos de intervención. -Elaboración de materiais didácticos para a intervención con ANEAES. -Asesoramento e colaboración con titores/as e equipo docente na procura dunha resposta educativa a ANEAES.	PsPd	Ao longo do curso
5. Adquirir os recursos necesarios para atender á diversidade.	-Adquisición de materiais para as actividades de apoio dos ACNEEs. -Elaboración de informes psicopedagóxicos para a solicitude de materiais extraordinarios, si fora o caso.	PsPd-PT DO-PsPd	Ao longo do curso
Liñas prioritarias de actuación para o curso			
6. Colaborar na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe.	-Participar na avaliación inicial do alumnado para coñecer as súas necesidades e características. -Análisis dos informes individualizados de avaliación dos ACNEEs dos centros de primaria, alumnado novo... -Realización de probas psicopedagóxicas colectivas. -Colaboración co profesorado de Ed. Infantil e Primaria.	D.O./profe./tut. D.O. D.O.-titores	setembro-outubro Ao longo do curso
7. Colaborar no deseño, desenvolvemento, avaliación de MAD.	-Elaborar a concreción anual do PXAD e actualizalo. -Adaptar o PXAD ás características do alumnado do presente curso. -Unha reunión trimestral para face-la coordinación e seguimento do plan de orientación. -Organización dos reforzos, apoios ao alumnado. -Coloara na elaboración, desenvolvemento e avaliación de ACS, e outras medidas de atención á diversidade.	DO DO DO	Ao longo do curso
8. Asesorar á comunidade educativa sobre medidas e recursos para atención a ANEAES	-Definir os criterios de organización dos apoios. -Asesoramento e colaboración con titores/as e equipo docente na procura dunha resposta educativa a ANEAES. -Entrevistas con familias, profesorado, alumnado...	DO	Ao longo do curso

² As actuacións recollidas van dirixidas aos dos centros (CPI Ramón Piñeiro e CEIP Pl. do Páramo).

5.2. Apoio ao PAT (Plan de Acción Titorial).

Obxectivos	Actuacións	Responsable	Temporalización
1. Asesorar e colaborar no deseño e organización da acción titorial.	A) Actuacións de colaboración coa Xefatura de estudos e titores: -Elaboración e revisión do PAT. -Proposta de criterios pedagóxicos na elección dos titores. -Recollida de demandas de actuación por parte dos titores. -Delimitación das liñas de actuación para cada nivel e etapa. -Planificación dos temas a tratar nas reunións de titores.	DO-CCP PsPd-Xef. estud. PsPd-titores-Xef.	Inicio do curso xuño
2. Contribuir e participar no desenvolvemento da acción titorial.	A) Actuacións co alumnado: -Colaboración do orientador nalgúns sesións de tutoría. -Atención e asesoramento ás demandas dos alumnos/as. -Horario de atención individualizada ó alumnado. B) Actuacións de asesoramento e apoio ós titores: -Reunións cos titores para planificar e avaliar as actuacións. -Recopilación, adquisición e difusión de materiais para traballar nas sesións de tutoría. -Participación en actividades e reunións dirixidas ás familias. -Asesoramento ós titores en técnicas de dinámica de grupos, relacións interpersonais, técnicas de observación e entrevista. -Asesoramento ás demandas que planteen os titores. -Reunións periódicas de asesoramento (materiais, actividades, metodoloxía...) para desenvolvemento de sesións de tutoría.	PsPd-titores P s P d - x e f . estudos PsPd DO-titores-E. Directivo-pais PsPd-titores	Ao longo do curso
3. Colaborar no seguimento, avaliación e mellora do PAT.	-Reunión para decidir os criterios de avaliación do PAT. -Selección de instrumentos para a avaliación da tutoría. -Elaboración dunha memoria (coa Xf. de estudos e os titores) sobre o PAT e formulación de propostas de mellora.	PsPd-CCP PsPd-titores-X. de estudos	setembro maio xuño
4. Colaborar no establecemento de cauces de coordinación entre todos os axentes implicados na acción titorial.	-Colaboración co equipo directivo na organización e desenvolvemento das reunións de pais que se convoquen. -Manter contacto coas institucións e organismos (concello, ONGs.) que poidan colaborar no desenvolvemento de distintas sesións de tutoría. -Contacto con distintas institucións sobre os temas propios da tutoría (por ex.: a adolescencia, prevención de drogas, educación sexual...).	PsPd-E. Directivo PsPd-institucións	Ao longo do curso
Liñas prioritarias de actuación para o curso			
5. Contribuir ó seguimento do proceso de E-A , especialmente no caso dos ANEAEs.	-Proporcionar información ós titores/as sobre o historial escolar (expediente, avaliación psicopedagóxica, etc) dos ANEAEs. -Reunións periódicas, para face-lo seguimento dos alumnos e a organización dos apoios. -Seguimento de posibles problemas de absentismo. -Debate para definir liñas de actuación todo o equipo docente: metodoloxía, instrumentos de avaliación... -Asesoramento sobre procedementos para a avaliación. -Asesoramento e participación nas Xuntas de avaliación.	DO-titores Titores-PsPd PsPd-titores PsPd-titores DO-Eq. docente	1º/2º/3º trimestre Ó longo do curso 1º trimestre 1º/2º/3º trimestre
6. Promove-la comunicación entre o centro e as familias.	-Reunións co grupo de pais para informa-los da organización do centro, funcionamento da tutoría... -Asesoramento á AMPA, cando o solicite. -Entrevistas cos pais para responder ás demandas que fagan.	PsPd-titor PsPd-AMPA PsPd-titor-pais	outubro según demandas
7. Colaborar no desenvolvemento persoal do alumnado.	-Participar en sesións dirixidas á prevención de situacións de acoso escolar ou violencia. -Elaborar e participar en sesións dirixidas ao desenvolvemento de HH.SS. nos casos que o precisen. -Deseñar e poder en práctica programas para a melosa da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.	PsPd PsPd	Ao longo do curso
8. Asesorar á comunidade educativa sobre as NOF/convivencia .	-Asesorar e colaborar co Equipo directivo e CCP na elaboración e aplicación das NOF. -Asesorar aos pais no referente ao cumprimento das NOF. -Elaborar e desenvolver actuacións de mellora da convivencia.	PsPd/DO PsPd PsPd/DO	Ao longo do curso

APOIO AO PAT:

Obxectivos específicos co ALUMNADO:

Obxectivos	Actuacións
<ul style="list-style-type: none">- Favorecer a integración no centro, na etapa e no grupo-clase.- Facilitar a transición cara outras etapas educativas ou profesionais.- Propiciar o desenvolvemento da identidade persoal e social.- Favorecer un autoconceito e autoestima positivos.- Deseñar e poñer en práctica programas para a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.- Favorecer o enriquecemento lingüístico e cultural.- Detectar posibles dificultades de aprendizaxe.- Articular respostas educativas adecuadas ás necesidades do alumnado.- Desenvolver actuacións dirixidas á educación para a saúde e a educación afectivo-sexual.	<ol style="list-style-type: none">1.Actividades integración alumnado:<ul style="list-style-type: none">- Dinámicas de grupo (sobre todo alumnado 1º ESO)- Elección delegado (Ed. democracia)- Análisis sociométricos- Autoestima- Medidas para reducir conflitos entre o alumnado- Ap. cooperativo en aula- Programas de HH.SS.- Visitas a centros educativos, laborais, etc.2. Actividades coñecemento alumnado.3.Seguimento da evolución académica do alumnado con dificultades.4.Proxecto Quérote +

Obxectivos específicos co PROFESORADO:

- Avaliar a propia actividade docente, así como as actividades e recursos.
- Impulsa-la participación activa nas actividades escolares e extraescolares.
- Programar conxuntamente determinados aspectos.
- Intercambiar información periódicamente sobre o alumnado.
- Coordinar conxuntamente metodoloxías e avaliacións.

Obxectivos específicos coas FAMILIAS:

- Favorecer a relación de nais e pais co centro.
- Coñecer o contexto familiar do alumnado.
- Informar ás familias de todo o relativo ao proceso educativo dos seus fillos/as.
- Implicar a pais e nais en actividades de reforzo e apoio escolar na casa.

5.3. Apoio ao POAP (Plan de orientación Académico-Profesional).

Obxectivos	Actuacións	Responsables	Temporalización
1. Contribuir na organización da orientación académica-profesional no centro.	-Revisión do POAP anterior, seguindo as directrices da CCP. -Reunión cos titores e profesorado para concreta-las liñas de acción para cada curso e etapa. -Determinación das actividades que se integrarán no currículo das áreas, no PAT, e cales serán responsabilidade do DO.	PsPd-CCP PsPd-titores-X. de estudos PsPd-X.de estudos-CCP	setembro/ outubro setembro/ outubro
2. Colaborar no desenvolvemento do POAP, prestando asesoramento ó profesorado.	-Elaboración e difusión de materiais ós profesores. -Colaboración cos titores en sesións presenciais co alumnado. -Sesións do DO con grupos específicos de alumnos. -Coordinación con outras institucións para a Or. Profesional. -Elaboración, difusión e adquisición de materiais e documentos informativos (trípticos, guías –APOCLAM-, Orienta...). -Colaboración do DO coas familias. -Colaboración na elaboración do Consello orientador.	PsPd-titores-profesorado PsPd-titores PsPd-titores PsPd PsPd-instituc. PsPd-Tit.	2º e 3º trimestre 2ºe 3º trimestre 2º e 3º trimestre 2º e 3º trimestre xuño/setembro
3. Participar na avaliación e seguemento do POAP.	-Definir os criterios e procedementos de avaliación do POAP. -Realización da avaliación final do POAP: avaliación dos resultados e formulación de propostas de mellora.	PsPd-CCP PsPd-titores	Outubro 1º-2º e 3º trimestre
4. Asesoramento individualizado a alumnos que requiran unha orientación personalizada.	- Difusión entre o alumnado do horario disponible do D.O. para atender as súas demandas. -Entrevistas co alumno/a que lle axuden no seu autoconhecimento, clarificación da situación, coñecemento das opcións educativas e laborais, o proceso de toma de decisións... -Préstamo de materiais informativos ós alumnos.	PsPd PsPd PsPd	setembro/ outubro 2º e 3º trimestre 2º e 3º trimestre
Liñas prioritarias de actuación para o curso			
5. Desenvolver actuacións que fomenten unha orientación non sexista .	-Elaboración e adquisición de materiais que fomenten unha orientación profesional non sexista. -Reunións cos pais, o alumnado e os titores onde se desmitifiquen falsas crenzas sobre o xénero e o mundo laboral. -Difusión de experiencias de situacións laborais non sexistas.	PsPd PsPd-alumnos-titores-pais	1º trimestre 3º trimestre 3º trimestre
6.Fomentar o desenvolvemento da maduración vocacional do alumnado.	- Diseñar diferentes experiencias que axuden ao alumnado a desenvolver a súa maduración vocacional. Para mellorar: o seu autoconhecimento, clarificación da situación, coñecemento das opcións educativas e laborais, valores persoais, o proceso de toma de decisións... -Préstamo de materiais ao alumnado.	PsPd-titores PsPd-alum-pais PsPd	3º trimestre 3º trimestre 1º trimestre
7. Asesorar ós titores e ós pais dos ANEAEs na súa orientación profesional e na toma de decisións.	-Entrevistas cos pais para que coñezan o sistema educativo, as distintas opcións profesionais, dar información sobre becas, axudas, axusta-las súas expectativas... -Entrevistas cos alumnos (autoconhecimento, mellora da autoestima...) con ANEAEs.	PsPd-pais PsPd PsPd-E. Directivo-instituc.	2º e 3º trimestre 2º e 3º trimestre 2º trimestre

5.4. Outras liñas de acción prioritarias.

O DO desenvolverá ao longo do curso unha serie de accións de carácter xeral:

Accións	Responsable	Temporalización
Presentación á CCP do Plan anual e das actividades e intervención propostas.	Xefe DO	Inicio do curso
Elaboración/adquisición de material que facilite a realización das tarefas orientadoras.	Xefe DO	Todo o curso
Actualización de info na páxina web do IES.	DO	Todo o curso
Accións de asesoramento personalizado a alumnos/as e familias cando sexa preciso.	Xefe DO	Todo o curso
Elaboración da memoria do Departamento e propostas de mellora para o vindeiro curso.	Xefe DO	3º trimestre
Revisión e actualización -se procede- dos diferentes documentos do D.O.	Xefe DO	Ao longo do curso

6. Estratexias de intervención.

6.1. Fundamentación teórica da intervención.

Na intervención orientadora seguiranse os seguintes principios da intervención psicopedagóxica³:

-**Prevención**: intervir antes de que apareza o problema. Así, tamén se aplicará o programa con alumnos do 1º e 2º niveis para evitar que poidan aparecer problemas de comprensión lectora no futuro.

-**Curricularidade**: a intervención se realizará dentro do curriculum, de forma transversal. Por conseguinte, traballarase a comprensión lectora dentro das áreas de linguas (castelá e galega) e noutras áreas (ao mesmo tempo que os contidos doutras áreas).

-**Desenvolvemento persoal**: a intervención buscará o maior desenvolvemento posible da autonomía do alumno, pasando da hetero-orientación á auto-orientación (Sampascual *et al.*, 1999).

Por outra parte, a intervención basearase nos fundamentos do asesoramento psicopedagóxico constructivista (Monereo, 2012), afastándonos dun enfoque clínico

³ (Álvarez y Bisquerra, 2005; Bisquerra, 2000)

(Bisquerra, 2000). Neste senso, buscarase a colaboración cos docentes na análise conxunta do problema, así como no deseño da intervención e na súa avaliación.

6.2. Estratexias de intervención.

-Partir dun modelo de programas, actuando de forma colaborativa cos distintos membros da comunidade educativa no desenvolvemento das actuacións de aprendizaxe.

-O asesoramento –a alumnos, profesores, pais...- ten un carácter propedéutico, informativo e non directivo.

-Favorecer a progresiva autonomía do suxeito (tanto alumno como tutor, como docente), de tal maneira que el orientador se faga cada vez máis prescindible.

-A intervención co alumno partiu das súas necesidades e coñecementos previos, favorecendo a súa motivación; en orde a conseguir unha aprendizaxe o máis significativa posible. O apoio realizarase –sempre que sexa posible- dentro do grupo de iguais.

-Comunicación bidireccional coas familias. Por un lado, escoitando as súas opinións sobre a situación do alumno/a (aspectos que funcionan na casa, cales non) e, por outra, ofrecéndolles alternativas de solución aos problemas e orientacións.

-Procurar unha metodoloxía activa e participativa, que implique tanto a toda a comunidade educativa como aos servizos do entorno, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo.

7. Avaliación e seguemento.

7.1. Criterios de avaliación.

¿QUE AVALIAR?: (Santos Guerra, 1997; Casanova, 2004)

Contextualización: da programación según as características, as necesidades e cultura pedagóxica do centro (PEC...), e do entorno.

Pertinencia: grado de adecuación das actuacións ás características do centro e do alumnado.

Realista: dacordo cas necesidades, recursos e posibilidades de actuación.

Cientificidade: actuacións e intervencións basadas no coñecemento científico.

Eficacia: grado de consecución dos obxectivos propostos, satisfacción das necesidades.

Utilidade: das aportacións do D.O. para a mellora do proceso educativo e a consecución dos obxectivos do centro.

Apertura e Colaboración: con outros profesionais do centro, a comunidade, a administración...

Satisfacción: da comunidade educativa –pais, profesores, alumnado...- cas aportacións do D.O.

Normativa: cumprimento das funcións asignadas e actuación dentro da normativa vixente.

Coherencia: no deseño e desenvolvemento das distintas medidas.

¿CANDO AVALIAR? (Jiménez, 2002; Trillo, 2001)

Realizárase en catro momentos:

Avaliación inicial: permitíranos coñecer as características da realidade sobre a que imos actuar. Isto é, características e necesidades de alumnos, profesores e pais; recursos, posibilidades e limitacións con que nos imos a atopar, etc.

Av. Continua-formativa: realizárase ó longo do desenvolvemento da programación e resultará especialmente útil para comprobar en que medida o proceso se está a desenvolver como inicialmente se tiña previsto. De tal xeito, que si xurde algún problema, se poida subsanar no mesmo momento.

Av. Final: realizárase ó final do proceso e servíranos para comprobar en que medida se alcanzaron os obxectivos que nos propuxemos.

Av. Diferida: na medida do posible recollerase información sobre aqueles casos nos que se interveu no pasado para dende un enfoque diacrónico valorar o grao de eficacia da intervención.

7.2. Procedementos de avaliación.

¿COMO AVALIAR? (Jiménez, 2002; Trillo, 2001)

A avaliación será cualitativa e cuantitativa, recollendo información a través de múltiples técnicas e instrumentos (observación –notas de campo-, entrevista, enquisas...) e contando ca participación de tódolos axentes implicados (alumnos, profesores, pais, outros).

8. Soporte documental.

- + Álvarez, M y Bisquerra, R. (2005). *Manual de orientación y tutoría*. Barcelona: Praxis.
- + Bisquerra, R. (2000). *Modelos de orientación e intervención psicopedagógica*. Bilbao: Praxis
- + Casanova, M.A. (2004). *Evaluación y calidad de centros educativos*. Madrid: La Muralla
- + Jiménez, B. (2002). *Evaluación de programas, centros y profesores*. Madrid: Síntesis.
- + MEC: 1992; Cajas rojas: *Orientación y tutoría en primaria y secundaria*. Madrid: MEC
- + Monereo, C. (2012). *Modelos de orientación educativa e intervención psicopedagógica*. En AA. VV. *Principios de intervención en educación*. Barcelona: UOC.
- + Salvador, A.(1993): *Evaluación y tratamiento psicopedagógicos. El departamento de orientación en los centros escolares*. Madrid: Narcea.
- + Sampascual, R., Navas, L y Castejón, J. L. (1999). *Funciones del orientador en educación secundaria*. Madrid: Alianza.
- + Santos Guerra, M.A. (1997). *Hacer visible lo cotidiano*. Madrid: Akal.
- + Touriñán, J. M. (2006). La educación intercultural como ejercicio de educación en valores. ESE. *Estudios sobre educación* (10) 9-36.
- + Trillo, F. (2001). A grandes males, grandes remedios: evaluación del aprendizaje. *Cuadernos de pedagogía*. Barcelona: Cisspraxis. N. 301(Abr. 2001); p. 84-88

A Pobra de San Xiao, 5 de novembro de 2018

O xefe do Departamento: Rubén Loureiro Silva

APROBACIÓN PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PERFIL PROFESIONAL	NOME E APELIDOS	ASINADO
Profesora de PT Secundaria	DÍAZ ARMESTO, MARÍA JESÚS	
Profesora de PT Infantil e Primaria	C A S T R O P E R N A S , MONTSERRAT	
Profesor de AL Infantil e Primaria	TABOADA ARIAS, TANIA	
Titor ámbito científico-tecnolóxico	FLORES CORREDOIRA, MIGUEL	
Titora ámbito lingüístico-social		
Xefe do D.O	LOUREIRO SILVA, RUBÉN	

9. ANEXOS.

PROGRAMACIÓN Pedagogía Terapéutica ED.INFANTIL E PRIMARIA.



(E. INFANTIL E E. PRIMARIA)

CURSO 2018/19

1. Xustificación

2. Obxectivos xerais

2.1.- Con respecto ao centro

2.2.- Con respecto aos alumnos

2.3.- Con respecto ás familias

3- Contidos

4- Alumnado

5- Metodoloxía

6- Temporalización

7- Recursos

8- Avaliación

8.1.- Avaliación da aprendizaxe

8.2.- Avaliación do ensino e da práctica docente

1. XUSTIFICACIÓN

Se a necesidade de programar está xustificada, aínda debe estar máis no ensino do alumnado con NEAE. Non todos os escolares aprenden da mesma maneira e somos conscientes da importancia de atender as diferencias que presentan asociadas ás súas capacidades personais e circunstancias sociais.

A programación de Pedagogía Terapéutica ten en conta as características psicolóxicas, físicas, afectivas e os distintos niveis de competencia curricular dos alumnos aos que vai dirixida, a idade cronolóxica do alumnado, o contexto sociocultural no que se desenvolve o centro, así como os recursos materiais e personais dos que dispón o colexio.

Para o curso escolar 2018/19, en función dos resultados da avaliación inicial realizada aos nosos alumnos, estimouse convinte plantexar unha serie de obxectivos destinados a desenvolver aprendizaxes que se consideran básicos e necesarios para o proceso de ensino-aprendizaxe destes alumnos.

2. OBXECTIVOS XERAIS

2.1.- Con respecto ao centro:

- Detectar de xeito temperá a alumnado con posibles dificultades ou retraso na aprendizaxe.
- Elaborar instrumentos para a avaliación e a intervención có alumnado de NEAE.
- Asesorar aos mestres e titores en canto a material, agrupamentos e atención aos alumnos con NEAE
- Establecer, en colaboración có profesorado, a metodoloxía e a avaliación a seguir có alumnado.
- Responder ás necesidades do alumnado, realizando e desenvolvendo os programas específicos que fosen necesarios.
- Establecer unha boa coordinación cós profesionais que atenden aos alumnos con NEAE.

- Dinamizar a integración dos alumnos con NEAE no centro e nas diversas actividades que se propoñen nel.

2.2.- Respecto aos alumnos:

- Organizar os tempos de atención aos alumnos en función das necesidades de apoio educativo que presenten.

- Favorecer a integración social e escolar.

- Favorecer o desenvolvemento socio-afectivo dos alumnos.

- Fomentar actitudes participativas.

- Fomentar o desenvolvemento das competencias previas e básicas para a aprendizaxe de todas as áreas.

- Desenvolver a adquisición de técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectura, escritura, cálculo e razoamento.

- Desenvolver aprendizaxes básicas funcionais que lles permitan vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.

- Incrementar positivamente o nivel de autonomía dos alumnos.

- Traballar aqueles prerrequisitos básicos para a aprendizaxe (atención, memoria, percepción, razoamento lóxico-matemático...) Así como as súas habilidades sociais e hábitos de traballo.

2.3.- Respecto ás familias

- Asesorar aos pais dos alumnos con NEAE proporcionándolles as orientacións precisas.

- Fomentar actitudes participativas nas actividades propostas e deseñadas para os seus fillos.

- Garantizar un coñecemento real e positivo das posibilidades e limitacións dos seus fillos.

- Garantizar a súa relación e contacto cos distintos membros da comunidade educativa.

3. CONTIDOS

Os contidos que nos servirán como instrumentos para acadar os obxectivos serán:

- a) Detección e intervención das NEAE
- b) Habilidades sociais
- c) Contidos didácticos xerais adaptados ás programacións anuais dos titores
- d) Contidos específicos de programas concretos de habilidades sociais, autonomía... e programas de reforzo das habilidades instrumentais básicas.
- e) Contidos establecidos nos programas de traballo individualizados.
- f) Orientación e participación familiar.
- g) Coordinación co equipo educativo, familia e outros equipos externos.
- h) Adquisición das competencias básicas.

4. ALUMNADO

Durante o presente curso os alumnos que se atenderán na aula de PT serán os que o precisen en función dos criterios establecidos e aprobados polo D.O.

O alumnado poderá ir variando ao longo do curso, así que poderá haber tanto altas como novas incorporacións, sempre en función das necesidades.

As necesidades educativas especiais máis frecuentes que se detectaron nestes alumnos son as seguintes:

- Necesidade de desenvolver estratexias para aumentar e manter a atención.
- Necesidade de aprender os contidos da área de lingua e matemáticas.
- Necesidade de desenvolver as habilidades básicas: razonamento, memoria e atención.
- Necesidade de mellorar o seu nivel de lectoescritura.
- Necesidade de mellorar a súa comprensión oral e escrita.

-
- Necesidade de aumentar o seu vocabulario.
 - Necesidade de desenvolver habilidades de autonomía personal e escolar.
 - Necesidade de estimular a linguaxe, as intencións comunicativas e as relacións sociais.
 - Necesidade de fomentar a autoestima e a seguridade en sí mesmos.
 - Necesidade de recibir apoio de Pedagogía Terapéutica.

5. METODOLOXÍA

Levarase a cabo unha metodoloxía baseada principalmente en aspectos significativos, funcionais e cunha participación activa do alumno. Para iso utilizaremos situacións significativas e motivadoras, relacionaremos as novas aprendizaxes cós coñecementos previos dos alumnos.

Ademais intentaremos:

- Asegurar a atención: evitar dar instrucións ou materiais cando o alumno está distraído.
- Facer facilmente discriminables e claros os aspectos que teñen que aprender: dar instrucións sinxelas, utilizar un vocabulario ao seu alcance...
- Realizar tarefas concretas, curtas e motivadoras.
- Propoñer actividades que supoñan un pequeno reto proporcionandolle axuda e aumentar a confianza de maneira progresiva en sí mesmo.
- Propoñer actividades axeitadas ao nivel de competencia do alumno.
- Reforzar os progresos realizados.
- Favorecer o autoconcepto e a autoestima.

6. TEMPORALIZACIÓN

En canto á temporalización, dicir que está suxeita ao tempo estimado para cada alumno no horario e que pode ser modificado según a evolución ou calquera outra circunstancia oportuna. En xeral, destacar que os alumnos acuden á aula de PT cando na súa clase de referencia teñen lingua castelá, lingua galega ou matemáticas, nunca nas outras materias ou no horario dos especialistas.

7. RECURSOS

Os recursos teñen que ser o máis variados e atractivos posible, para captar o interese e procurar a significatividade das aprendizaxes. Na súa selección teremos en conta aspectos como a súa relación cos obxectivos, as capacidades, funcionalidade, carácter lúdico...

Con carácter xeral:

- Utilizaremos materiais didácticos específicos que traballen a atención, a lectoescritura, o cálculo, a resolución de problemas, as habilidades sociais...
- Adaptaremos materiais cotidianos ás necesidades dos alumnos.
- Utilizaremos xogos, puzzles, encaixables, insertables...
- Materiais elaborados pola profesora de PT.
- Recursos informáticos: ordenador e tablet.

8. AVALIACIÓN

8.1. Avaliación da aprendizaxe.

En canto aos criterios de avaliación da aprendizaxe do alumnado teremos en conta o grado no que fomos capaces de:

- Organizar os tempos de atención aos alumnos en función das necesidades específicas de apoio educativo que presenten.
- Garantizar a integración social e escolar.
- Favorecer actitudes participativas.
- Fomentar o desenvolvemento das competencias previas e básicas para a aprendizaxe de todas as áreas.
- Alcanzar os obxectivos didácticos xerais propostos para cada alumno.
- Desenvolvemento da adquisición de técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectura, escritura, cálculo e razonamento.
- Desenvolvemento aprendizaxes básicas funcionais que lles permitan vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.
- Incrementar progresivamente o nivel de autonomía dos alumnos.

-
- Traballar aqueles prerequisites básicos para a aprendizaxe (atención, memoria, percepción, razonamento...) Así como as súas habilidades sociais e hábitos de estudo e traballo.

8.2. Avaliación do ensino e da práctica docente.

Durante o curso realizarase unha avaliación que consistirá nun exercicio de análise e reflexión por parte da profesora sobre a propia práctica e funcionamento do planificado, valoraranse os seguintes elementos:

- Nivel de adaptación da programación ás características do alumnado.
- Logro dos obxectivos prantexados.
- Idoneidade da avaliación utilizada.
- Grado de fluidez da comunicación coas familias.
- Nivel de coordinación entre os distintos profesionais que traballan có alumnado.

PROGRAMACIÓN Audición e Linguaxe.

CPI RAMÓN PIÑEIRO e CEIP PLURILINGÜE DO PÁRAMO.



PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE

INFANTIL E PRIMARIA

CURSO 2018-2019

XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

A linguaxe oral é unha das aprendizaxes do ser humano máis complexas e importantes, xa que constitúe a fonte do pensamento e do coñecemento, e a base das interaccións comunicativas, en tanto que as persoas somos seres sociais. Ademais é o punto de partida da aprendizaxe da lectoescritura, requisito imprescindible a alcanzar durante a educación primaria, que a nós nos compete como educadores e mestres. De ahí que o traballo do mestre de audición e linguaxe se dirixa a corrixir e reeducar calquera dificultade que no alumnado xurda entorno ó desenvolvemento da linguaxe, en calquera dos seus compoñentes: fonético-fonolóxico, léxico-semántico, morfosintáctico e pragmático, a favor dunha adecuada inclusión e integración na sociedade que nos rodea.

1 – FUNCIONES

Como mestra de audición e linguaxe desenvolverei as seguintes funcións:

A) Realizar intervencións directas de apoio logopédico a alumnos con especiais dificultades, coordinadas co profesorado titor correspondente.

B) Colaborar nas reflexións sobre os aspectos lingüísticos do currículo escolar e na elaboración e desenvolvemento de programas relacionados coa comunicación e a linguaxe (programacións de ciclo e aula e ACIS)

C) Asesorar ao profesorado na programación de actividades para a prevención e o tratamento de dificultades na área da linguaxe.

D) Valorar as necesidades educativas especiais dos alumnos relacionadas coa comunicación e a linguaxe.

E) Proporcionar orientacións e material de apoio aos titores e mestres de apoio.

F) Colaborar e/ou realizar ACIS.

G) Realizar as coordinacións oportunas cos compoñentes do E.O.E, titores, mestres de apoio e o equipo educativo do centro, etc., para o seguimento dos alumnos e avalicacións correspondentes, así como para informar e dar pautas ás familias.

2. -TIPOS DE INTERVENCIÓN

2.1 Atención directa

O mestre de A.L, no desenvolvemento do seu principal obxectivo de apoiar ao profesorado para a mellor atención aos alumnos/as con NEE, realizará a función de atención directa a alumnos, coordinando as súas actuacións cos mestres titores respectivos para a realización das adaptacións curriculares que se precisan e para o seu seguimento e avaliación.

2.2 Atención indirecta

A atención indirecta refírese ao traballo do mestre de A.L como asesor ou colaborador co profesorado. É moi útil a participación do especialista nos equipos docentes para o deseño e desenvolvemento da programación xeral da área de comunicación e representación nos primeiros niveis, polo que, na medida do posible, débese dedicar algún tempo proporcional do horario a levar a cabo actuacións deste tipo.

Igualmente sería de interese poder levar a cabo, conxuntamente co profesorado, estratexias de implicación dos pais con pautas e orientacións precisas que guíen a súa colaboración.

3.- CRITERIOS TÉCNICOS

No apoio como atención directa a alumnos con NEE derivadas de problemáticas de comunicación e linguaxe, é preciso contemplar as seguintes directrices como puntos de referencia:

3.1.- Para determinar que alumnos recibirán atención logopédica nun centro, así como para a organización destes apoios (apoiado dentro ou fóra da aula, sesións, tempos, agrupacións, etc), requírese previamente unha análise, na que se terá en conta:

- as Memorias do curso anterior.

- as demandas dos titores e os seus informes respectivos sobre a descrición da dificultade que presenta o alumno.

- valoracións complementarias do mestre de apoio, do especialista en PT e do EOE no caso de que sexa preciso.

- criterios do centro para a atención ás NEE

3.2- Calquera intervención especializada respecto a un alumno debe formar parte da súa adaptación curricular e figurar como tal na Programación e avaliación, realizándose en coordinación co titor do alumno, tratando así de evitar ao máximo actuacións singulares e paralelas do especialista respecto da programación e á responsabilidade do titor cara todos os seus alumnos.

As intervencións especializadas deben tender a converxer coa programación da aula co PCC e a programación de etapa; polo tanto, o traballo da especialista de AL debe estar sempre coordinado co traballo que se realiza na aula.

3.3 – Como criterio xeral, as prioridades estableceranse tendo en conta por unha parte a gravidade do caso en orde ao tipo e grado de necesidade e as dificultades que poda xerar no acceso ás aprendizaxes, áreas de comunicación oral e lecto-escritura, e por outra, á idade cronolóxica inferior.

3.3.1 En relación cos tipos de alteracións e trastornos da linguaxe e, tendo en conta o carácter educativo da logopedia escolar, consideraranse alumnos susceptibles de intervención logopedica si presentan NEE derivadas de ditos trastornos, as seguintes:

ALUMNOS CON PROBLEMAS NO ÁMBITO DA LINGUAXE

- Retraso da linguaxe (simple, moderada e grave)

- Trastorno Específico da linguaxe (disfasia).

- Afasia.

ALUMNOS CON RETASO OU TRASTORNO DA LINGUAXE ASOCIADO Á DISCAPACIDADE PSÍQUICA

- Retraso mental leve

- Retraso mental moderado

-
- Retraso mental grave.

ALUMNOS CON RETRASO DA LINGUAXE ASOCIADO A DISCAPACIDADE AUDITIVA.

- Hipoacusia.
- Xordeira.

ALUMNOS CON RETRASO DA LINGUAXE ASOCIADO A DISCAPACIDADE MOTORA.

- Parálise cerebral infantil e outras alteracións.

ALUMNOS CON PROBLEMAS NA FALA

- Disartrias.
- Dislalias:

-Disglosias: A intervención centrarase nos aspectos relacionados co desenvolvemento da fala. Para a súa atención, terase en conta o criterio de gravidade e a incidencia de dita dificultade no proceso de E/A.

ALUMNOS CON GRAVES PROBLEMAS DE COMUNICACIÓN E LINGUAXE.

- Trastorno xeneralizado do desenvolvemento.
- Retraso mental severo/grave e profundo.

ALUMNOS CON PROBLEMAS DE COMUNICACIÓN

- Mutismo selectivo
- Disfemia.

En todos os casos se debe intervir, dende o especialista de AL, como complemento do programa xeral do alumno, evítanse as intervencións parciais e inconexas.

3.3.2. - Para alumnos de 3 a 6 anos con graves alteracións, que requiran unha atención temperá moi individualizada baseada en ámbitos de desenvolvemento, realizaranse programas específicos de estimulación integral como fase previa e transitoria a posibles respostas posteriores dende o currículo. Ditos programas realizaranse

englobando e coordinando a intervención dos distintos profesionais e en colaboración estreita coas familias para potenciar todas as actuacións.

3.4 - Considerando a influencia da interacción grupal no ámbito da comunicación e a linguaxe, é aconsellable utilizar a fórmula do grupo reducido sempre que non se requira, polas características do alumno, unha intervención individualizada. Neste sentido tamén é preciso considerar a rendabilidade dunha intervención dentro da aula, sempre que sexa posible, ponderando, en todo caso, as vantaxes ou desvantaxes dunha posible saída da aula e do momento no que deba producirse.

PROGRAMACIÓN Pedagogía Terapéutica ESO.



ÍNDICE

1.- XUSTIFICACIÓN

2.- ANÁLISE DE NECESIDADES 3.- OBXECTIVOS

4.-CONTIDOS

5.-ALUMNADO 6.-METODOLOXÍA 7.-TEMPORALIZACIÓN 6.-RECURSOS

8.- AVALIACIÓN:

8.1-DA APRENDIZAXE

8.2-DA MIÑA PRÁCTICA DOCENTE

1. XUSTIFICACIÓN:

A práctica docente, como outras moitas actividades, require dunha programación sobre a que sosterse. Estableceremos un obxectivo para saber o que queremos conseguir, tanto a nivel individual, de pequeno e de gran grupo recalcando a nosa labor cos alumnos que vamos intervir.

Dita programación xira en torno as programacións de aula a hora de establecer uns obxectivos mais concretos e éstos tentarán dar resposta as necesidades tan diversas que se detectaron neste curso nos alumnos escolarizados en ESO despois de analizar os resultados da avaliación inicial.

Ditos obxectivos propostos xiran en torno a consecución de competencias. Non debemos olvidar que cada área traballa varias competencias e que cada competencia acádase a través do traballo en varias áreas.

2. ANÁLISE DE NECESIDADES:

As necesidades educativas especiais máis frecuentes que se detectaron nestes alumnos son as seguintes:

- Necesidade de traballar normas a nivel de centro e de aula.
- Necesidade de entender o traballo de aula como algo continuo e significativo para cada un a nivel persoal.
- Necesidade de desenvolver estratexias para aumentar e manter a atención.
- Necesidade de desenvolver as habilidades básicas: razonamento, memoria e atención.
- Necesidade de mellorar o seu nivel de lectoescritura,
- Necesidade de mellorar a súa comprensión oral e escrita.
- Necesidade de aumentar o seu vocabulario.
- Necesidade de desenvolver habilidades de autonomía personal e escolar.
- Necesidade de estimular a linguaxe, as intencións comunicativas e as relacións sociais.
- Necesidade de fomentar a autoestima e a seguridade en sí mesmos.

3. OBXECTIVOS:

A finalidade primordial desta programación é organizar unha resposta educativa axeitada as necesidades que presenta o alumnado escolarizado en secundaria no centro e para levala a cabo debemos partir das necesidades dos alumnos. Será necesario coñecer aos alumnos en canto a que, como e cando avaliar. Esta programación será o vehículo a través do que se articulen as medidas organizativas e curriculares necesarias para dar resposta as necesidades.

3.1 A nivel de centro:

- Detectar de xeito temperá a alumnado con posibles **dificultades** ou retraso na aprendizaxe.
- Elaborar **instrumentos** para a **avaliación** e a **intervención** có alumnado de NEAE.
- Asesorar aos mestres e titores en canto a **material**, **agrupamentos** e **atención** aos alumnos con NEAE
- Establecer, en colaboración có profesorado, a **metodoloxía** e a **avaliación** a seguir có alumnado.
- Responder ás necesidades do alumnado, realizando e desenvolvendo os **programas específicos** que fosen necesarios.
- Establecer unha boa **coordinación cós profesionais** que atenden aos alumnos con NEAE.
- Dinamizar a integración dos alumnos con NEAE no centro e nas diversas actividades que se propoñen nel.

3.2- A nivel de aula:

- Atender as nee deste alumnado nun marco ordinario o máis normalizado e inclusivo posible.
- Favorecer ao máximo a interacción entre iguais.
- Fomentar estratexias de ensino-aprendizaxe que favorezan a normalización e a inclusión.
- Estruturar e planificar anticipadamente as tarefas a desenvolver.
- Considerar a todos os alumnos membros do grupo, aínda que se fagan actuacións fóra da aula ordinaria.
- Priorizar a coordinación na atención educativa entre profesor de área e PT.

-
- Favorecer a titoría entre iguais e o traballo cooperativo.

3.3- A nivel alumnado:

- Favorecer o **coñecemento da diversidade** presente por parte de todo o alumnado.
- Colaborar no desenvolvemento de actitudes de **respecto e inclusión**.
- **Apoiar ao alumnado**, especialmente a aquel con neae, nas posibles **dificultades**.
- Dar a coñecer a todo o alumnado os **recursos específicos ou adaptados** que poden empregar; especialmente o alumnado con necesidades específicas.
- Garantir ó alumnado unha **resposta axeitada** ás súas **necesidades** concretas.
- Participar na organización e desenvolvemento de **actividades** que favorezan a **inclusión, a interacción social,...**
- Colaborar na avaliación e seguimento do alumnado con NEAE.

3.4-A nivel familias:

- Fomentar relacións fluídas e dialogantes e promover a convivencia entre a comunidade educativa e as familias.
- Posibilitar a participación da familia tanto nos procesos de avaliación das nee como nos procesos de atención educativa.
- Colaborar coa mesma no proceso de aceptación e adaptación dunha determinada discapacidade.
- Establecer conxuntamente unhas metas positivas e realistas.
- Avaliar conxuntamente os avances e retroceso do alumno e os reaxustes e posibles propostas de mellora.
- Asesorar ós pais dos alumnos con NEAE proporcionándolles as orientacións precisas e informálos das referencias legais e recursos e axudas para os seus fillos.
- Fomentar actitudes participativas nas actividades propostas e diseñadas para os seus fillos

4.-CONTIDOS:

4.1- A nivel de centro:

1. As competencias básicas
2. A resposta educativa as necesidades.
3. O centro educativo e as familias.

4.2- A nivel de aula:

1. Os alumnos con necesidades educativas e o contexto ordinario.
2. A interacción entre iguais.
3. As tarefas planificadas.
4. Estratexias de ensino-aprendizaxe inclusivas.
5. O alumno con necesidades e o grupo-aula.
6. Coordinación profesores de área / titor/ pt.
7. Tutoría entre iguais.

4.3- A nivel alumno:

1. Nivel de competencia curricular.
2. Estilo de aprendizaxe.
3. As necesidades educativas.
4. Conexión das intervencións educativas especiais e as actividades de clase.
5. As actividades complementarias e extraescolares e o acneae.
6. Variables espazo-temporais, accesibilidade e adaptacións específicas.
7. As habilidades sociais.

4.4-A nivel familias:

1. A avaliación das nee e a intervención educativa.
2. As capacidades diferentes.
3. Propósito a acadar segundo as capacidades do alumno e as súas nee.
4. Asociacións, organismos e institucións segundo a discapacidade determinada.
5. Bases legais e recursos.
6. Axustes consensuados da intervención educativa.

5.-ACTIVIDADES:

5.1- Consideracións xerais.

•Cada actividade debe ser preparada coidadosamente, evitando a excesiva direccionalidade (se é posible), e invitando ó alumno a traducila en habilidades de pensamento.

•Cada actividade debe se **aberta** e dar lugar a multitude de exercicios que enriquezan as aprendizaxes e os conceptos.

•Dominio do vocabulario utilizado na presentación de tarefas, verbalizando formas de actuar e procedementos.

•Afondar e **desmenuzar** todo o posible cada actividade, analizando o plantexamento e planificando pasos a seguir.

•Madurar **estratexias** para acadar solucións, evitando a dispersión.

•Practicar a **reflexión** e busca dos conceptos que necesitamos para traballar.

•Aportar referencias reais das actividades traballadas e **transferir** os coñecementos adquiridos, facilitando a formación de novos conceptos.

•As **actividades-tipo** pódense adaptar a cada disciplina, independentemente do tipo de agrupamento ou canle seleccionados: todo se pode **percibir, investigar, conceptualizar, razoar ou traducir**.

•Buscar sempre a **transversalización** das actividades, abarcando aspectos como: educación emocional, convivencia, solución de conflitos, educación en valores, tolerancia, consumo responsable, educación vial.

5.2- **Tipos de actividades e actividades – tipo .- Segundo o número de alumnos.-**

☒ **Actividades en pequeno grupo.-** Traballar sobre un aspecto determinado dos conceptos e reflexionar sobre el; cada alumno aporta ó pequeno grupo e o pequeno grupo aporta á clase (as partes traballan dentro dun todo). Permite realizar actividades de composición de paneis, murais, textos, viñetas, collages..

☒ **Actividades individuais.-** Traballo en solitario procesando toda a información acadada e incorporándoa ó seu esquema mental; actividades de discriminar, asociar, identificar, responder, comparar, buscar, subliñar, producir, elaborar, formular, aplicar,

definir, substituír, incluír, completar..Permiten o manexo de conceptos e habilidades de pensamento, ademais de atención, concentración e autonomía.

Segundo a canle utilizada.-

☒ **Actividades orais.-** escoitar, preguntar, responder, debater, dialogar, producir historias, asociar, establecer criterios, clasificar palabras, definir, cerrar frases, narrar, secuenciar, imaxinar, adiviñar, formular hipóteses, buscar alternativas, anticipar consecuencias, atopar ideas, seleccionar posibilidades, resumir..

☒ **Actividades escritas.-** Trasladar os anteriores modelos de actividades ás peculiaridades gramaticais da expresión escrita; uso dun ou varios métodos de escritura complementarios e sistematizados, ben analíticos ou globais; actividades sobre a palabra, a sílaba, o fonema a frase e o texto na secuencia que se considere oportuna para cada caso.

☒ **Actividades representadas.-** Interpretación e elaboración de imaxes, escenas, debuxos, composicións, captar similitudes entre as cousas, similitudes entre os conceptos, percepcións, sensacións, connotacións, observacións, conexión de sensacións, manipulación e contacto coas cousas (tocar, ulir, saborear, mirar, ver, oír, escoitar..), clasificación, seriación, enumeración, operacións secuenciadas entre os números, relación de causas-efectos, relación de partes e todo, razoar hipoteticamente, razoar analoxicamente, contrastar, relacionar medios e fins, establecer criterios, calculo mental secuenciado solución de problemas.

Segundo as dimensións que traballan.-

☒ **Actividades lúdico/simbólicas.-** Exercicios de psicomotricidade, xogos de habilidade, xogos de mesa con obxectivos e regras moi diferentes, dramatizacións, xogo simbólico, xogo cooperativo... que non son máis que a representación de saberes adquiridos polo neno, a través do xogo.

☒ **Actividades musicais.-** Incorporación de tonalidades musicais, cancións, retahilas, trabalinguas.. alusivos ós contidos de traballo. Elaboración de letras propias aplicadas a melodías coñecidas permitindo a tradución das aprendizaxes a outro tipo de linguaxes.

☒ **Actividades plásticas.**- Igualmente, traducen gran cantidade de conceptos de tódalas áreas a expresión plástica e estética, enriquecendo as aprendizaxes.

☒ **Actividades asociadas ó uso das novas tecnoloxías.**- Posibilitar a busca e tratamento da información, sen caer en tarefas pechadas e facilitando a experimentación de actividades en soportes diferentes.

6.- METODOLOXÍA:

6.1-En relación ao centro:

- Compartir os recursos e os espazos.
- Procurar un clima de traballo e cooperación entre todo o persoal do centro (docente e non docente) así como cos diferentes axentes externos.
- Participar nos diferentes programas que se desenvolvan no centro e nas diferentes actividades e celebracións.
- Fomentar a implicación da comunidade educativa na atención ás nee.
- Asumir con naturalidade por parte de toda a comunidade educativa o pluralismo e a diversidade como algo inherente á natureza humana e ademais enriquecedor.

6.2-En relación ao alumnado:

- Favorecer unha relación de confianza.
- Procurar un proceso de ensino-aprendizaxe ameno.
- Selecccionar aprendizaxes significativos e funcionais.
- Conectar, na medida do posible, as aprendizaxes da aula de apoio cos da aula ordinaria.
- Asegurar a xeralización das aprendizaxes.
- Flexibilizar espazos, tempos e recursos.
- Favorecer actividades en gran grupo, pequeno e individuais.

6.3-En relación ao contexto familiar:

- Posibilitar a súa participación na vida do centro.

•Dar unha información clara sobre as necesidades dos seus fillos, como poden favorecer o seu desenvolvemento, ofrecerlles os materiais axeitados para tal fin.

7.-AVALIACIÓN:

7.1- Inicial

Ao comezo da súa escolarización todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial na que se recollerá a detección de NEE, a través das medidas previstas polo departamento de orientación. Deste xeito contribúese a detección precoz das dificultades. Segundo a lexislación vixente.

7.2-Continua

O apoio ás NEE estará suxeito a un proceso de seguimento e valoración continua que nos permita variar o plan de traballo para ofrecer a resposta axeitada ás necesidades que presenten os alumnos en cada momento. Valoraranse aspectos como os obxectivos propostos, actividades, axudas, temporalización, estratexias de ensino-aprendizaxe.

Como mínimo, cada trimestre levaranse a cabo unhas reunións de seguimento con todo o profesorado que atende a un alumno con NEE para facilitar o intercambio de información sobre os procesos e dificultades detectadas e para tratar algún aspecto de tipo metodolóxico e organizativo. Sen que esto impida reunións periódicas entre profesores de área e especialistas para avaliar as medidas de atención á diversidade e as dificultades da súa posta en práctica.

Cando a avaliación dos profesores de área e especialistas non sexa positiva será preciso reflexionar sobre as dificultades atopadas e buscar solucións para axustar a resposta educativa das necesidades educativas do alumnado. É necesario que nas reunións de avaliación se teña en conta todos aqueles aspectos que nos poidan proporcionar información relevante sobre a marcha do plan de acción: recursos, colaboración familiar, nivel de implicación dos profesores de área, equipo directivo,...

7.3-Final

Cada trimestre elabórase un informe que se entregará á familia. Ao rematar o curso, indicárase se no seguinte curso será preciso ou non continuar cun plan de apoio, se debe seguir ou non coa mesma liña de traballo...

Os criterios de avaliación serán os progresos do alumno, encamiñados a alcanzar os obxectivos propostos.

A avaliación, sempre formativa, abarcará dúas vertentes:

Avaliación do alumno: en función dos criterios elaborados polo centro nas ACS e nas programacións.

En canto aos criterios de avaliación da aprendizaxe do alumno teremos en conta o grado de consecución dos seguintes obxectivos:

- Organizar os tempos de atención ós alumnos en función das necesidades específicas de apoio educativo que presenten.

- Garantizar a integración social e escolar.

- Favorecer actitudes participativas.

- Fomentar o desenvolvemento das competencias previas e básicas para a aprendizaxe de todas as áreas.

- Alcanzar os obxectivos didácticos xerais propostos para cada alumno.

- Desenvolver a adquisición de técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectura, escritura, cálculo e razonamento.

- Desenvolver aprendizaxes básicas funcionais que lles permitan vivir unha situación o máis normalizada e autónoma posible.

- Incrementar progresivamente o nivel de autonomía dos alumnos.

- Traballar aqueles prerequisites básicos para a aprendizaxe (atención, memoria, perfección, razonamento,...), así como as súas habilidades sociais e hábitos e técnicas de estudo e traballo.

Avaliación do proceso: incluíndo metodoloxía, estilos de ensino-aprendizaxe, actitudes do profesorado e reflexión-autoavaliación da práctica docente.